
REGULAMENTO AUTONÓMICO DE CANS DE RASTRO

**(- Coello, - Lebre, - Raposo, - Corzo,
- Xabaril)**

1.- OBXECTIVO

O obxectivo das Probas de cans de Rastro é valorar as calidades de caza dos cans -segundo razas- e outorgar as correspondentes Cartillas de Traballo.

2.- ESTRUCTURA DA PROBA

As probas de cans de Rastro divídense en dúas categorías:

1ª CATEGORÍA: probas de traballo con morte de caza.

2ª CATEGORÍA: probas de traballo sen morte de caza.

Ambas probas realízanse sobre as seguintes especies cinexéticas:

- Coello
- Lebre
- Raposo
- Corzo
- Xabaril

3.- CARTILLAS DE TRABALLO

As Cartillas de traballo, coas cualificacións de BO, MOI BO, EXCELENTE, outórganse seguindo unha táboa de puntuacións para cada proba de 0 a 200 puntos, de acordo co seguinte criterio:

- De 100 a 124 - cualificación de BO
- De 125 a 149 - cualificación de MOI BO
- De 150 a 200 - cualificación de EXCELENTE

4.- Unicamente se inscribirán os cans que consigan un mínimo de 100 puntos, necesarios para a obtención da cartilla de traballo; os demais serán descualificados.

Cando un can alcance a cualificación de MOI BO ou EXCELENTE, en dúas probas distintas e con distintos xuíces, ou a de EXCELENTE nunha proba xulgada por xuíces titulares, outorgaráselle o distintivo de CAN CAMPEÓN.

5.- "TAN" TEXT DE APTITUDES NATURAIS

Será atribuído ao can que, non tendo outra oportunidade, demostre o seu instinto cazando calquera animal que non fose imposto pola Proba.

O Tan atribúese en función da identificación do animal cazado.

6.- ORGANIZACIÓN DE PROBAS

As probas serán organizadas pola Federación Galega de Caza ou por unha delegación, unha Sociedade federada que o solicite no prazo establecido polo calendario de competición que edita cada ano a FGC.

Estas probas serán de carácter aberto para tódolos cans de rastro pertencentes aos grupos 5 e 6. Para aquelas probas de carácter AUTONÓMICO e/ou superior será obrigatorio ter os cans inscritos nun rexistro xenealóxico legalmente recoñecido.

A Federación Galega de Caza será a encargada de nomear aos xuíces principais e auxiliares para cada proba.

Créase a modalidade "CARA DE CAN". Os participantes competirán cun can por espazo dunha hora, cun ou dous participantes no mesmo campo, segundo o sorteo realizado. Do campo pasará

rólda o can que máis puntuación alcance, na que volverá competir nas mesmas condicións ata chegar á final, segundo a tarxeta de puntuación.

7.- REALIZACIÓN DAS PROBAS

As probas poderán realizarse en calquera terreo cinexético, respectando as épocas de cría das especies cinexéticas e atendendo as autorizacións administrativas pertinentes.

8.- Está terminantemente prohibida a presenza de cans soltos que non se atopen inscritos no concurso, así como as cadelas en celo.

9.- Os organizadores non se farán responsables de roubos, perdas, enfermidades ou fugas de cans, nin de accidentes como mordeduras producidas polos animais perseguidos, etc... pero deberán dispoñer do seguro necesario para cubrir as súas responsabilidades.

10.- TERREO DE CAZA

As probas poderán desenvolverse sobre calquera terreo, pero este deberá reunir as condicións dun verdadeiro terreo de caza. A súa superficie deberá ser o suficientemente extensa para permitir o paso de varios grupos de cans.

En ningún caso a peza de caza deberá ser posta en liberdade antes de comezar as probas

11.- PÚBLICO

Só serán admitidos para seguir as probas, baixo o control dos organizadores, e deberán ensinar o carné, trala autorización do participante e xuíz principal, as seguintes persoas:

Xuíces de formación

Membros da organización

Medios de comunicación.

Durante as probas, o público poderá seguir o desenvolvemento da mesma a unha distancia prudencial, seguindo as instrucións do xuíz.

12.- Para ser válidas as inscricións, terán que estar redactadas no boletín oficial de inscrición que facilitará para o efecto a FGC.

13.- Ningún participante será admitido unha vez finalizado o prazo de inscrición.

Non se admitirán cans agresivos, nin os que padezan algunha enfermidade contaxiosa, nin os que pertencen a persoas descualificadas ou a socios de sociedades non recoñecidas pola FGC.

14.- Os dereitos de inscrición serán establecidos cada ano pola FGC e pola organización das probas.

15.- En caso de forza maior, a organización resérvase o dereito a suspender as probas e a devolver parte dos dereitos de inscrición, e a conservar a parte proporcional das que xa realizase.

16.- Será obrigatorio presentar a cartilla de traballo á organización das probas no momento da formalización da inscrición.

17.- Unicamente se admitirán para conseguir a cartilla de traballo os cans con idades comprendidas entre os 10 meses e os 8 anos.

18.- Ningún can aspirante á cartilla de traballo poderá figurar en dous grupos ou probas seguidas durante o mesmo día.

19.- A duración das probas será a que estableza a FGC e a organización de cada proba.

20.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Os organizadores poderán subministrar pezas de cores vivas a condutores e xuíces.

Nos campionatos, no caso de haber limitación de prazas, primeiro inscribírase un lote de cada propietario; a continuación un segundo lote, e así sucesivamente ata completar as prazas.

21.- Os cans participantes deberán levar colares de distintas cores. Cada lote deberá inscribirse cun condutor que durante a proba deberá actuar como tal.

22.- As cadelas en celo ou os cans que sufran algún accidente, poderán ser substituídos por outros cans o mesmo día da proba. Os cans que fosen clasificados nunha fase anterior non poderán ser substituídos salvo casos de forza maior (enfermidade, cadela en celo, etc.), acreditando este extremo cun certificado veterinario.

23.- A hora de comezo da competición será establecida pola FGC e a organización.

24.- Aqueles participantes, ou os seus representantes, que non se presenten á hora sinalada, non poderán participar no sorteo dos grupos para as probas dese día, quedando facultada a organización para autorizar a súa participación a outra hora ou outro día, ata para a súa descualificación.

Os condutores dos lotes participantes levarán os cans atrelados ante o xuíz, para a comprobación da identidade dos mesmos. A solta producirase no momento que decida o xuíz. Unha vez finalizado o tempo do lote o condutor recollerá os cans e sacaraos atrelados do campo.

Ningún can poderá participar en máis dun campionato provincial.

25.- O sorteo dos campos servirá só como indicación do camiño que teñen que seguir os cans, e os xuíces serán os que determinen a zona a bater ou ata o seu cambio.

26.- Durante as probas, os participantes non poderán falar ou pedir información a outras persoas que non sexan os propios xuíces.

27.- Os participantes no terreo de competición, deberán estar constantemente dispostos a ser examinados polos xuíces.

28.- Os participantes non poderán poñer os cans sobre a pista á vista dunha peza de caza, os cans deberán traballar eles sos.

29.- Os cans deberán ser examinados polos xuíces e serán recompensados en función do seu estilo e da proba que realicen; os xuíces deberán ignorar as participacións anteriores.

A organización poñerá á disposición dos xuíces unha folla para cada grupo de cans, este documento será cumprimentado e gardado polo xuíz para presentar ante a FGC.

30.- En calquera momento os xuíces poderán ordenar aos seus propietarios a retirada dun ou varios cans.

En caso de desprazamento, por cambio de terreo, o tempo empregado non se contará.

31.- Dende o momento en que os xuíces dean por terminada a proba deixarán de contabilizarse os puntos e faltas.

32.- Poderase efectuar algún disparo mentres se desenvolva unha acción de caza, con obxecto de coñecer se os cans teñen medo aos tiros.

33.- O resultado final das probas enviarase á FGC para a súa homologación e para que esta poida entregar as cartillas de traballo.

Nos campionatos oficiais entréganse do títulos: un para o lote campión, e outro, para o can campión.

34- RECLAMACIÓNS

Tódalas reclamacións deberán presentarse por escrito ante a organización, no prazo de media hora logo de terminar a proba, acompañada da correspondente taxa (importe dobre do prezo de inscrición). Este diñeiro quedará para a organización a condición de que a reclamación sexa desestimada.

Os organizadores comunicarán, durante a media hora seguinte á resolución definitiva da reclamación.

Tódalas reclamacións serán examinadas pola FGC cando estas leven consigo risco de falta de disciplina.

DISPOSICIÓN FINAL.

- Poderán ser incluídos como anexos no presente regulamento as normas específicas das seguintes probas:
 - Rastro de xabril atrelado
 - Rastro de lebre atrelado
 - Probas de rastro con sangue

Así como calquera outra que crea procedente a FGC.

CLÁUSULA DEROGATORIA

O presente regulamento derroga o anterior Regulamento Oficial de Probas de Caza de Cans de Rastro.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013, modificados en Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 11 de abril de 2015.

FICHA PUNTUACIÓN

PROPIETARIOS: _____

CONDUTORES: _____

XUÍZ: _____

CAMPO Nº: _____ HORA: _____ DIA: _____

Nome do Can				
Data de Nacemento				
Sexo				
Raza				
Nº Microchip				
Color Colar				
	MÁXIMO :			
Orixe, conformidade	20 PUNTOS			
Actividade e persistencia	30 PUNTOS			
Actitude para achegarse	30 PUNTOS			
Capacidade para seguir e resolver	30 PUNTOS			
Seguridade no cante	10 PUNTOS			
Calidade do cante	10 PUNTOS			
Disposición a traballar en grupo	20 PUNTOS			
Adestramento, obediencia	20 PUNTOS			
Comportamento ante o terreo de caza	20 PUNTOS			
Captura de peza e porte	10 PUNTOS			
TOTAL PUNTOS				
Faltas condutor	-40 PUNTOS			
CALIFICACIÓN				

Sinatura do xuíz,